

BOE, DOG, BOP (A Coruña e Pontevedra), e no xornal *La Voz de Galicia* con datas 3-5-2005, 29-4-2005, 8-4-2005, 22-4-2005 e 1-4-2005, respectivamente, acto ao que deberán concorrer os propietarios propostos dos predios afectados, aos que se lles practicará notificación individual sinalándoselles os horarios de toma de datos sobre o terreo e do levantamento efectivo das actas nas oficinas da referida casa do concello.

Esta publicación realizarase igualmente para os efectos do artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos ou se ignore o lugar de notificación; e así dirixir ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan destes, de conformidade con artigo 5 da citada Lei de expropiación forzosa.

A Coruña, 10 de decembro de 2008.

José Luis Barcia Picos
Delegado provincial da Coruña

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Resolución do 28 de novembro de 2008, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se anuncian as bases definitivas da zona de concentración parcelaria de Gonzar II (O Pino-A Coruña).

Ponse en coñecemento dos interesados na concentración parcelaria da zona de Gonzar II (O Pino-A Coruña), declarada de utilidade pública e urxente execución polo Decreto de 21-7-2000 (DOG do 10 de agosto), que a xunta local da zona, na súa reunión de 28 de novembro de 2008, unha vez introducidas as modificacións oportunas, á vista do resultado da enquisa das bases provisionais, aprobou as bases definitivas, que serán notificadas individualmente a cada un dos afectados e que estarán expostas ao público no Concello do Pino e na zona, durante o prazo de trinta días naturais, de conformidade co que determina a Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, modificada pola Lei 12/2001, do 10 de setembro.

Os documentos que se poden examinar no Concello refírense á determinación do perímetro (predios da periferia que se incluíron e excluiron, superficies que se exceptúan por seren de dominio público e a relación de predios excluídos), á clasificación de terras e á fixación de coeficientes que servirán de base para facer as compensacións que sexan necesarias e á determinación de propietarios e titulares de gravames e outras situacións xurídicas das que se declara formalmente a súa titularidade.

Contra estas bases os interesados poderán interpor recurso de alzada ante o conselleiro do Medio Rural dentro do prazo de trinta días, contados desde a notificación persoal ou publicación substitutiva,

na delegación provincial desta consellería (edificio administrativo, praza Luis Seoane, s/n, 6º andar, A Coruña), nas oficinas centrais da consellería (San Caetano, s/n, Santiago de Compostela) ou en calquera das dependencias ás que fai referencia o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A Coruña, 28 de novembro de 2008.

Olga María García Agra
Delegada provincial da Coruña

Resolución do 5 de decembro de 2008, da Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, pola que se notifica a resolución do recurso de alzada interposto contra o acordo de concentración parcelaria da zona de San Vicente e Santa María de Vigo (Cambre-A Coruña), devolto polo servizo de correos.

Por esta resolución e en cumprimento do establecido no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, notifícase á interesada que ten os datos persoais e último domicilio coñecido que figuran no anexo, a parte dispositiva da notificación do recurso de alzada interposto por María Cruz Cortés Gómez contra o acordo da zona de concentración parcelaria de San Vicente e Santa María de Vigo (Cambre-A Coruña), devolto polo servizo de correos.

Santiago de Compostela, 5 de decembro do 2008.

Xosé Carballido Presas
Director xeral de Estruturas e Infraestruturas
Agrarias

ANEXO

Destinataria: María Cruz Cortés Gómez.

Domicilio: Balbén, 12, Vigo, CP 15175 Carral (A Coruña).

Acto notificado: «desestimar o recurso de alzada interposto por Mª Cruz Cortés Gómez, propietaria nº 152 contra o acordo de concentración parcelaria da zona San Vicente e Sta Mª de Vigo (Carral-Cambre-A Coruña).

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela cabe interpor recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede na Coruña, no prazo de dous meses contados a partir de día seguinte ao da súa notificación, de conformidade cos artigos 43 da Lei de concentración parcelaria para Galicia e artigos 10.1º a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.